

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN Nº 2671 ENTRE O INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO E O CENTRO ESCOLAR CEIP ALTAMAR POLA UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN MUNICIPAL DO PAVILLÓN DO FRONTÓN E OS FRONTÓS EXTERIORES PARA IMPARTIR A DOCENCIA DAS CLASES DE E.F.**

Dunha parte D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra parte Dna. Ángeles Rodríguez Carrera, como representante legal do Centro CEIP Altamar, tal como acredita.

**MANIFESTAN QUE**

O Concello de Vigo, a través da súa Concellería de deportes e do Instituto Municipal dos Deportes, ten entre os seus obxectivos, colaborar coa dinamización das actividades vinculadas á actividade física e deportiva en calquera das súas manifestacións ou vertentes, entre a que se atopa a do ámbito educativo.

O Centro escolar CEIP Altamar, desenvolve a súa labor formativa nas súas instalacións, ubicadas na rúa Cesáreo González, en Vigo. Este centro público educativo non dispón do espazo suficiente, necesario e axeitado para o desenvolvemento das clases de E.F.


A Ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó IMD, no seu artigo 6, apartado a), establece que "os colexios públicos que carezcan de instalacións deportivas suficientes e demanden a utilización de instalacións deportivas ó IMD para a realización das actividades docentes de Educación Física coa autorización expresa do Presidente do Consello de Administración do IMD, condicionada á ratificación definitiva polo devandito Consello de Administración, estarán exentos do pagamento dos prezos públicos correspondentes.

As actuacións de colaboración entre administracións no eido do deporte e a E.F pode contribuir a consolidar hábitos de vida saudable, a mellorar a condición física da poboación escolar da cidade e a mellorar as condicións nas que se desenvolven as actividades docentes de Educación Física.

Polo cal procédese asinar un convenio de colaboración que rexirase polas seguintes cláusulas,

**CLAÚSULAS**

1. Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver as actividades docentes de E.F. do Centro escolar CEIP Altamar nas instalacións Municipais do Pavillón do Frontón do Complexo de Travesas.



2. O Centro escolar CEIP Altamar, en base ó artigo 6, letra a), da ordenanza Nº 52, Reguladora de prezos públicos pola utilización das instalacións deportivas municipais pertencentes ó IMD, estará exento de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, e que ascende ó importe de 5.411,90 €.
3. O Centro escolar CEIP Altamar comprométese a desenvolver as clases de E.F. nas condicións establecidas no presente convenio, na instalación deportiva municipal do pavillón do Frontón nos horarios e datas establecidos no presente convenio.
4. O Centro escolar CEIP Altamar presentará, á sinatura do convenio o listado de cursos que desenvolverán as clases en cada franxa horaria.
5. O Centro escolar CEIP Altamar é o responsable do desenvolvemento das clases na instalación Municipal, debendo estar presente na instalación en todo momento o responsable da clase.
6. O Centro escolar CEIP Altamar comunicará ó IMD con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios das clases.
7. O IMD non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade docente.
8. O centro educativo presentará unha póliza de responsabilidade de cobertura da actividade previa á sinatura do convenio.
9. Os alumnos que desenvolvan a actividade na instalación será exclusivamente os vinculados ás clases de E.F. do centro, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición da docencia.
10. Os alumnos accederán á instalación precedidos polo docente responsable da clase, non estando permitido o acceso dos alumnos en caso contrario. Da mesma forma, o docente será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún alumno ou alumna queda na instalación.
11. O Instituto Municipal Dos Deportes de Vigo, aportará o espazo para o desenvolvemento das clases.
12. O IMD resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación. Neste caso se avisará por escrito á entidade, debendo ésta cancelar a docencia na instalación Municipal.
13. A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para o curso académico 2014-2015:


Días	Horario	Instalacións
Luns a venres	09,00h a 14,00h	Pavillón do frontón
Luns a venres	09,00h a 14,00h	Frontóns exteriores 3 e 4

14. O Convenio deberá renovarse curso a curso, previa solicitude do Centro escolar CEIP Altamar, nas datas establecidas na normativa do IMD.

15. O Presidente do IMD queda facultado para resolver calquera dúbida ou litixio que puidera derivarse do desenvolvemento deste convenio.

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por triplicado, o día 14 de outubro de 2014.

O Alcalde do Concello de Vigo



Asdo. D. Abel Caballero Álvarez

A Directora do Centro escolar CEIP  
Altamar



Asdo. Dna. Ángeles Rodríguez Carrera

A Secretaria da Xunta Rectora do IMD



Asdo. Dna. Concepción Campos Acuña

